


1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Ortigueira. Parroquia: Santa Eulalia de Ladrido; San Xoán de Espasante na esquina nordeste. Extensión 1,14 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Parte sur da enseada de Espasante e extremo nororiental da ría de Ladrado. Na parte de Espasante, o Monte da Croa e O Picoto, pegados ao mar, presentan ladeiras inclinadas e acantilados inestables, recortados en calas con abundantes sedimentos. Na parte meridional, a Illa de San Vicente dificulta os intercambios sedimentarios entre o esteiro e o mar aberto, e aparecen bancos areosos e lamacentos baixo pequenos acantilados e vertentes de pendente suave que rematan no Monte da Croa. Inclúe os EIX Marismas da Ría de Ortigueira e Dobre frecha areosa de Morouzos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A base litolóxica é a unidade de talcoxistos e cloritoxistos de idade silúrica e do dominio Olla de Sapo, incluíndo a Illa de San Vicente. Ao mesmo Dominio pertencen tamén A alíñación de metaqueratófidos e rochas intrusivas afíns existentes no SE da unidade, unha banda de serpentinitas que cruza a unidade dende Bidueiros a Frádega e un pequeno enclave de metaconglomerados volcánicos ao sur da Enseada de Espasante.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de valores máximos acumulados de 1000 mm ao ano e mínimos de 800 mm.

OS SOLOS

Dominio dos solos sobre materiais xistosos que nos seus estadios máis evolucionados forman acrisoles órticos de estrutura densa e arxilosa e cambisoles. Os tramos de maior pendente xeralmente só son aptos para desenvolver regosoles.

AS AUGAS

Os tramos acantilados do Picoto e a illa de San Vicente verten na masa Augas Costeiras 20090 e dadas as súas dimensións e morfoloxía tan só presentan pequenos valgadas sen chegar a formar unha rede fluvial de importancia.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Dende Punta do Tallo ao sur, a unidade inclúese no LIC Ría de Ortigueira e Ladrado. Domina o hábitat 1230 de acantilados con vexetación das costas atlánticas, nas vertentes das cales pode aparecer o de brexeiras secas costeiras atlánticas (4040). Os depósitos ao pé dos acantilados e algúns anacos de plataforma rochosa dan acubillo ao hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A parte meridional da unidade atópase xa ao abeiro das condicións de deposición do esteiro, polo que presenta os hábitats de bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Existe unha ampla superficie ocupada por arboredo de repoboación que se estende dende o cumio do Picoto por todas as súas ladeiras e ao longo da vertente norte do Monte da Croa. O mosaico de usos queda completado por un rebordo paralelo á liña de costa de vexetación costeira que, dende a Praia de Vidueiro alcanza a cota dos 60 m a través da pequena valgada que separa as dúas elevacións da unidade. Finalmente, o inventario de usos complétase cunha franxa de escasa extensión dedicada a cultivos asentada a valgada mencionada unha vez desaparece a vexetación costeira. A fronte costeira está presidida por acantilados recortados con diversas calas, entre as que destaca a de Vidueiro ao norte, mentres que o flanco sudoeste forma parte xa do ámbito do esteiro da Ría de Ladrado, onde se desenvolve un banco areoso intermareal. A Illa de San Vicente, tampouco alberga ningún uso aparente, dividíndose a cobertura vexetal entre a forestal e as formacións costeiras.

MORFOLOXÍA

A unidade non presenta ningún tipo de construción e polo tanto está caracterizada na súa totalidade polos elementos naturais que lle confiren un alto valor ambiental. Estes son os que definen as formas da unidade a través dun relevo recuberto por arboredo de repoboación e unha fronte costeira acantilada moi recortada.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existe unha vía asfaltada, nalgúns dos seus tramos, que circunvala a unidade e que facilita o acceso ás zonas de cultivo e as ladeiras ocupadas polo arboredo suxeito a explotación.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No monte do Picoto atópase o castro de Punta do Tallo, na zona máis próxima ao bordo costeiro en zona de vexetación de matogueira costeira.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade ten un carácter presidido pola ausencia de edificacións destacando os valores ambientais derivados da presenza de vexetación de costas atlánticas desenvolvidas sobre os acantilados. O ámbito, incluída a Illa de San Vicente, forma parte do conxunto ecolóxico da Ría de Ladrado, sobre a cal ten unha posición singular e privilexiada. A organización actual caracterízase por unha ocupación masiva de arboredo de repoboación que se expandiu ata os límites do hábitat de brexeiras costeiras.

DINÁMICA DA PAISAXE

A dinámica desta paisaxe vén determinada, por un lado, pola evolución dos ecosistemas presentes e polo repoboación forestal do conxunto de ladeiras que verten augas cara ao perfil costeiro que progresivamente premen as cotas colonizadas polas brexeiras costeiras. Na zona topograficamente menos elevada, ocupada por unha escasa actividade agrícola, apréciase unha instalación deportiva non consolidada.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Unidade de elevados valores ambientais posto que non presenta apenas inxerencia antrópica ningunha. Forma parte da fachada oriental da Ría de Ladrado e por iso, a súa metade oriental e toda a Illa de San Vicente, atópase baixo a influencia das distintas figuras de protección que afectan o esteiro: Humidal protexido polo convenio internacional RAMSAR, LIC e ZEPA segundo a Directiva Hábitat, Humidal Protexido e ZEPVN segundo a Lei galega de espazos protexidos e considerado ademais como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. Á marxe destes recoñecementos ambientais, a situación e constitución xeográfica da unidade fai dela un excelente fito sobre o cal contemplar todo o ámbito correspondente á Ría de Ladrado-Ría de Ortegá, sendo considerado o Monte da Croa (173 metros) como Espazo de Interese Paisaxístico do litoral.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



